

La última oración

(Canción de despedida)

¡Oh Madre mía Inmaculada!
Ampárame tú al menos dondequieras.
Si ves que en la contienda encarnizada
que entabla por la vida te ofendiera,
perdóname, perdóname, Señora.
Si ves que con espíritu obcecado
mi mente ante la dicha halagadora
no sigue las doctrinas que me has dado;
si ves que ya mi pecho nada siente,
si ves que ya no creo, que no espero;
si ves que me ha arrastrado esa corriente
que arrastra locamente el mundo entero;
si ves que solo creo en las pasiones,
si ves que solo espero en lo mortal,
si ves que solo vivo de ilusiones...
¡Señora!... Echa tu mano maternal
y élévame de nuevo a aquel estado
tan dulce, de dulzura espiritual
que tuve en mi niñez primaveral,
entonces... ¡cuanto amaba y era amado!

.....
Y más quisiera ahora suplicar,
y más quisiera orar para el futuro,
mas tienes, pluma mía, que callar
que el pulso ya me tiembla algo inseguro
y el llanto ya comienza a emborronar
los rasgos que angustiado voy formando
"a impulsos de este ardiente corazón"
que vive y solo vive suspirando
sin tino y locamente y sin razón.
Tal es mi sentimiento es esta prosa:
amarga, sin concierto, fría y sosa.

.....
Pues bien, a los dos años no cumplidos,
dejaba a mis Novicios tan queridos.

V

Allá voy, allá voy, mundo dichoso;
allá voy a gozar de tus placeres,
allá voy a vivir en tu reposo
en medio de riquezas y mujeres.
Yo quiero ver lo bello, ver lo hermoso;
yo quiero disfrutar de tus quereres
sin freno, sin reparo, sin medida;
sin paz, y mientras tenga algo de vida.
Mas iay! Mundo perdido, ingrato mundo;
¿cómo eres tan risueño y tan malvado?

Ya siento en derredor tu aliento inmundo,

ya siento las caricias del pecado.

¿Será acaso mi gozo más profundo
que el gozo que hasta ahora he disfrutado
muy lejos de esas pompas tan mezquinas...,
muy cerca de otras dichas tan divinas...?
¿Y cómo? ¡Si ya no hallo un compañero
tan bueno como aquellos que he tenido!

¡Y cómo? ¡Si tan solo con dinero
se puede disfrutar gozo cumplido!.
Yo te odio y te odiaré, mundo embustero;
porque eres insensato y fermentido,
porque eres corrupción e hipocresía,
porque eres injusticia y villanía.

iPues qué! ¿Por qué brillabas tan fulgente
si al cabo tus fulgores eran cieno,
si brillas y te apagas de repente,
si besas y en tus besos hay veneno?

¡Me arrastras! No, no sigo tu corriente,
que aun siento aquel amor hacia lo bueno:
y solo si me dejan lucharé
y viendo hacia mi estrella, moriré.

No importa que los míos obcecados
me cierran el camino de la vida.

iNo importa! Solo, en medio de soldados,
mi mente encontraría una salida.
Pues llevo sin cesar a todos lados
la llama de lo bello en mí encendida,
y lUCHO con razón o sin razón
a impulsos de mi ardiente corazón.

¿Que importa que el invierno me persiga
si vivo yo en continua primavera?

¿Qué importa que algún necio me maldiga
si ofende aquel que puede y no el que quiere?

Si me es la vida amarga y enemiga
la pinto venturosa a mi manera:
pues si contra marea y contra viento
vivir con lo que tengo muy contento.

¿Qué un necio compañero me traiciona?

¿Qué siempre me es contraria la fortuna?
¿Qué nadie mi delito me perdona?

¿Qué estoy en la prisión? Isuerte perruna!

¿Qué importa mi condena treintañera
si yo con esta voz ronca, importuna,
al viento sigo dando mis clamores
y el pecho sigue amando sus amores...?

A festa da augardente cumple 50 anos

No pasado mes de agosto cumplíronse cincuenta anos da celebración da primeira Festa da Augardente do Condado que comenzou a súa andaina o 19 de agosto de 1972. Medio século de vida na que cada terceiro fin de semana de agosto, agás os dos pasados anos 2020 e 2021 deixou de celebrarse debido o andazo do coronavirus, veciños e forasteiros disfrutaban dun tempo de música, diversión e a tradicional queimada que as doce da noite do domingo se celebraba no torreiro das Portelas. 50 anos de éxito festeiro por donde pasaron excelentes orquestas e grupos, tendo o seu máximo colofón coa actuación da artista brasileira Rexina dos Santos que levou o campo da

festa a miles de persoas no día da súa actuación.

Tres xeracións de veciños dos barrios de Rozas e a Granxa foron os encargados durante estes dez lustros de organizar esta festa con moito acerto e bo hacer, posicionandoa como unha das más importantes da comarca. Coa perda de poboación do rural, nos últimos anos fixose máis custosa a súa celebración pero ainda así a comisión que preside Carlos Casas Camiño foi quen de sacala adiante e manter o nivel acadado durante os cincuenta anos de existencia.

Mil agostos máis para a Festa da Augardente do Condado.

A Festa da Augardente co Condado, madurez festiva, solvencia e orgullo dunha celebración veterana da parroquia de Sela.

Por Agapito Valado

[Este artigo foi publicado no libriño da Festa da Lamprea do ano 2016 e, aparece na páxina web do Concello de Arbo na sección titalado "De interese", e no apartado "Eventos Singulares".]

En todas as parroquias da Galicia festeira e lúdica, además da celebración das festas na honra do santo patrón, Ioanxe -desde tempos inmemoriais- outras adicadas a santos que, debido as súas peculiares advocacións, superaron con creces ás dos que, por tradición, lles corresponde a titularidade parroquial. Casos próximos e coñecidos son os de Santa Marta que superou en fervor a San Xosé, santo patrón dun dos Ribartemes ou incluso San Brais en Cabeiras que minimiza o culto a San Sebastián.

A partir da segunda metade do século pasado xurden, en paralelo ás festas patronais e doutros santos procesionais, celebracións de contido totalmente distinto; son as de ensalzamento dos productos típicos de cada lugar: as festas gastronómicas, que a estas alturas superan as do santoral, non habendo concello, parroquia, aldea ou barrio que non resalte de xeito festivo algún aspecto da súa peculiar gastronomía, costume ou tradición. Ningún producto queda esquecido, desde o mar a horta, dos ríos os montes ou os animais domésticos, especialmente o porco, i este último con festas adicadas a cada unha das súas partes, i en moitos casos varias celebracións adicadas a mesma parte do prezado -gastronómicamente falando- animal.



No concello de Arbo, como non podía ser doutro xeito, xurdiron, tamén, festas gastronómicas, sobre-saindo entre todas elas a Festa da Lamprea que se celebra cada terceiro domingo de abril na capital do concello e que nesta edición acadou o número LXII, converténdose nunha das festas más veteranas do panorama festivo gastronómico da comunidade autónoma. Engádese a esta celebración, desde fai uns anos, unha segunda festa deste produto dedicada as variedades elaboradas a partir da lamprea seca e afumada. Ademais, Barcela celebra polos derradeiros días de outubro a festa do Cristo das castañas, i en Sela, arredor do día 12 do mesmo mes a festa da Colleita. Tamén en Sela ten lugar a festa da augardente do Condado -da que vou tratar neste escrito- que comezou a súa andaina no panorama festivo no mes de agosto de 1972, co propósito de ensalzar un dos licores más prezados da nosa terra que ademais do seu consumo individual serve como base para a elaboración doutros licores como o de café, de herbas, etc, ou en tempos pasados para encabezar viños de baixa graduación.

Pois ben, alá pola primavera daquel xeralonxano ano de 1972, os veciños dos barrios da Granxa e Rozas, da parroquia de Sela, comandados polo carismático e

popular Manuel Rodríguez Alonso, "Martíño" secundado polos irmáns Manuel e Alejandro Casas Fernández e por Ignacio Martínez Fernández, comezan a teimar nun proxecto de celebrar no torreiro das Portelas, a carón do Grupo Escolar, que por aquela ainda estaba colmado de cativos que acudían a escola de don Antonio Carpintero. O torreiro das Portelas, unha vez construidas as vivendas e o edificio que albergaba as dúas aulas de ensino, foi achandado para campo de xogos e, serviru o mesmo tempo para trasladar a única festa que ata o momento se celebraba na Granxa: o San Estevo, o "santo Pufano", como lle chamaban os veciños, en troques de profano, por ser a imaxe relixiosa da parroquia que tiña o altar nunha casa particular e non na igrexa parroquial ou na capela de Santa Isabel coma os demás. A festa deste santo celebrábase no lugar denominado "O Pasatempo, unha eira comunitaria situada a medio camiño entre a estación de tren e as Escolas, e tiña a data de romería no día despois do natal: 26 de decembro.

E así, coa chama da ilusión encendida por este equipo emprendedor e coa inestimable axuda de todos os veciños dos dous barrios do oeste da parroquia de Sela, comezaba o 20 de agosto de 1972 a primeira edición da Festa da Augardente do Condado, preparada con todo luxo de detalles: o reparto da parva con pan de millo pola mañán, a queimada a media noite e boa música das mellores orquestas que durou ata ben entrada a madrugada do día seguinte.



Tras o éxito daquela primeira aventura-experiencia e vendo a boa acollida que o evento tivo entre veciños e visitantes, escollendo unha data na que nos arredores non se celebraban festas, pois quedaba un oco nas fins de semana entre as festas de Vide na honra de Santa María e San Roque, coñecidas popularmente entre os veciños como "o Quince de vide" e a Festa de Santa Isabel que se celebraba nos outros dous barrios da parroquia de Sela (Eidos de Abaixo e Eidos de Arriba). Ilusionáronse os promotores con máis afouteza -se cabe- pola boa recaudación que lograron nesta primeira edición con importantes




achegas económicas dos veciños destes dous barrios e, sobre todo, dos emigrados. Lembremos que por aquel ano 1972 eran moitos os traballadores residentes sobre todo en Suiza e Alemania, países nos que os ingresos salariais eran elevados, comparados coa situación económica do noso país por aqueles anos finais do franquismo. Tamén tivo importancia para días despois de rematada a festa voltar a teñir coa súa continuidade o feito de que as cantinas montadas arredor do torreiro produxeron bons beneficios, xa que a sede dos asistentes tiña que ser apagada en ditos despachos de bebidas, pois o bar máis próximo atopabase máis de tres centos metros.

A popularidade da 1ª festa en toda a contorna veu motivada por un feito moi especial e que é motivo revelante de traer a estas páxinas: a medianoite do domingo celébrase a popular queimada sevida na tradicional taciña de barro, serigrafiada e conmemorativa da festa, que fai as ledicias de centos de visitantes e veciños. Un conxuro para afastar bruxas, meigas e demas serve para que os degustadores do licor participen en fraternal convite de tan prezado néctar e escorrenten os malos espíritus das súas vidas.

En 1973, con ainda máis participación veciñal celé-

brase a 2ª edición, organizada con máis tempo e pulindo aspectos que na primeira, pola premura, puideron quedar un pouco no aire. Para esa edición mellórase o cartel de orquestas e celébranse dous días de festa, vísperas no sábado e día grande no domingo. Os veciños dos barrios de A Granxa e Rozas asumen a festa como a súa festa maior, tal se fose a do Santo Patrón, e no día grande convídase a amigos e parentes e, en cada casa, degústase un exquisito xantar no que non faltan os mellorres galos, cabritos e años estofados e regados co viño de retinto e espadeiro da veiga de Sela.



Durante os seguintes anos da década dos setenta afianzase a festa e vaise estendendo e assumindo como festa de toda a parroquia de Sela ante a reticencia inicial dos veciños do outro lado do regueiro (Eidos de Abaixo, Eidos de Arriba e Valiñas) que inicialmente estaban un pouco resentidos pola celebración desta festa lonxe do torreiro habitual donde ata o daquela se celebraban todas as festas da parroquia, agás san Estevo: na Praza. Este feito impulsa ainda máis a festa e dalle pulo os organizadores para seguir insistindo ano tras ano na súa celebración.

Consolidada, pois, a festa durante os derradeiros anos da década dos setenta, pouco a pouco vanse incorporando a organización os mozos veciños dos barrios de A Granxa e Rozas que van colaborando en todo canto lle pide o equipo organizador, que segue a estar comandado polo incansable Martiño e secundado polos irmáns Fernández Casas e Ignacio Martínez, que baixo a súa responsabilidade tutelan o bo funcionamento do evento tanto no aspecto lúdico, contratando as mellores orquestas.